

COMENTARIO DE TEXTO TEATRAL

Comenta nos seus aspectos temáticos e formais este fragmento da obra *Os vellos non deben de namorarse* de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Mínimo 200 palabras.

SEÑOR FUCO: Ningún de vós morreu tan adoecido coma min. Ti, Saturio, adormentácheste con xaropes da túa botica, para morreres sen dores. Ti, Ramón, morriches atordado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín como un can da rabia, coma quen olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede. Morrín por namorarme de vello!

Cantan os galos e tanxen os sinos dunha igrexa lonxana.

DON RAMÓN: Ímonos deitar. BOTICARIO: Ímos.

Baixan do valado e saen paseniñamente da escena, un após do outro.

SEÑOR FUCO: Por namorarme de vello!

BOTICARIO: Por namorarnos de vellos!

Cae o pano

O texto que se nos presenta para comentario é un fragmento da obra *Os vellos non deben de namorarse*, que, aínda que foi escrita de maneira intermitente, foi estreada e publicada por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en Bos Aires en 1941.

No fragmento interveñen os tres protagonistas masculinos: o señor Fuco, don Ramón e o Boticario. Entre eles falan das súas mortes, constatando que a peor foi a do señor Fuco. Porén, todos tres conclúen que, aínda que diversas na forma, no fondo todos morreron por namoraren de vellos.

Lonxe de Castelao moralizar sobre o amor na terceira idade. O que atopamos nesta obra é unha crítica social á desigualdade entre estes tres homes que, polos súa posición social e económica, pretenderon mozas máis novas e de familias humildes que non estaban namoradas deles. Como lemos no fragmento, o final destes amores foi tráxico para os tres.

No texto, alén dos diálogos directos dos personaxes, introducidos polos seus nomes, como é propio do teatro, tamén atopamos anotacións escénicas do autor, dirixidas á posta en escena (a verdadeira vida do teatro). Nelas dásenos conta do lugar no que se atopan (un valado) e o tempo (ao amencer, xa que se indica que cantan os galos). A última anotación é a que nos indica que estamos perante o fragmento final do texto, cando “cae o pano”.